

PALABRAS DE PAN

Nos últimos tempos, e dentro da literatura creada para os máis novos lectores, a poesía vai deixando de ser un xénero esquecido e, gracias ó esforzo de autores como Antonio García Teijeiro, Fran Alonso ou Ana María Fernández, os nenos poden iniciarse nos misterios do verso mentres, ó tempo, disfrutan do ritmo e da linguaxe poética que permite a subversión duns cánones formais que logo terán que asumir. Neste sentido, é de agradecer que os poetas, mesmo os xa abondo coñecidos no seu labor de escritores para “adultos”, se interesen por achegar ós lectores do futuro o xénero lírico a través de obras onde predomina o lúdico e os xogos lingüísticos pero tamén a carga social e a denuncia das desigualdades. Deste teor son as dúas obras que máis recentemente nos teñen chegado ó panorama da literatura para nenos: *Carlota e a bota perdida* de Miro Villar e *Lúa de pan* de Pepe Cáccamo.

A primeira delas retoma o personaxe dunha marmota, de nome Carlota, que se nos dera a coñecer no ano 2000. Por entón, andaba á busca dun somnífero para curar o seu insomnio e durmir durante o inverno, tal e como se supón deben facer estes animais. Das dificultades desta procura traballosa dábanos conta Miro Villar en *Carlota, a marmota*. Agora, Carlota, recén pasado o inverno, esperta e sae do seu tobo para disfrutar dos cambios que a primavera operou sobre o seu entorno pero atopa, nun torrente formado pola neve a derreterse, a unha bota a punto de afogar. As aventuras de Carlota tentando salvar a esta bota, os distintos animais que se achegan para axudar e como a bota recupera á súa parella perdida son os puntos fundamentais no argumento deste volume que suma, ó seu atractivo intrínseco, a conxunción do texto cunhas fermosas ilustracións de Enjamio capaces de axudar ós lectores máis pequenos o seguimento da historia. Trátase pois esta dunha obra que, aínda apoiándose nun argumento narrativo, amosa o gran dominio do metro e da rima a que xa nos tiña acostumados o autor nos seus poemarios anteriores e que seduce polo ritmo e a escolla léxica.

Pola súa parte, *Lúa de pan* vén avalado co carimbo de ser o primeiro libro galardoado co premio Arume de poesía para nenos que convoca a Fundación Xosé Neira Vilas de Gres. Neste sentido, e gracias a iniciativa tan loable, descubrimos o labor de Xosé María Álvarez Cáccamo -unha das voces máis emblemáticas da nosa poesía- como autor capaz de achegarse ós máis novos lectores. E faino a través dunha obra que non se apoia, como adoita acontecer con este tipo de produtos, nunha ilustración moi elaborada senón que o texto se configura como elemento principal á marxe de aditamentos alleos. Así, os debuxos de X. Vizoso son moi sinxelos e serven de apoio ó verso tomando do poema o tema central para destacalo

resaltándoo. As verdadeiras protagonistas nesta obra son as palabras, alicerce do poema, pois está chea de “palabras cativas,/ rápidas, veloces,/ doces ou feroces” semellantes á linguaxe dos máis novos. Con elas constrúese un volume onde conflúen diversas temáticas que non refugan a solidariedade cos “Nenos sen sombra” - esfameados e sedentos pero sempre carentes do pan e, mesmo, da luz da lúa- ou coa nena pobre cando “A lúa da nena pobre/ debuxa na noite azul/ unha moeda de cobre”. Así, o verso transfórmase en alimento para o espírito e cómese, como o pan, todos os días escoitando as palabras que engaiolan e flúen desde o centro do corazón dorido dun poeta que observa o seu entorno social. Con todo, tamén existe espacio para o xogo neste libro, como “O zoo ilóxico” onde as gaivotas preservan os pés calzando botas e o voitre habita no deserto, ou os gatos que xogan co betume en “Zapatos”. E así vaise transmitindo ós nenos que comezan a súa andaina a importancia dos soños que os levan a mundos imaxinativos e caóticos, do amor por que todo o enche, do medo co seu poder paralizante e, ó mesmo tempo, confórmase un xeito de manual de instrucións para a vida pois, sen abandonar o territorio do ludismo, póñense de relevo diversas facetas da vida. O libro é así un acompañante nese proceso de descubrir as realidades do mundo que levan a cabo os nenos no seu crecemento. Asemade, os pequenos lectores que, con estas palabras soñan e durmen, espertan simultaneamente a fantasía e a conciencia e vanse integrando paseniño dentro da colectividade social que lles pertence.

Carlota e a bota perdida así como *Lúa de pan* confórmanse, polo tanto, como dúas boas mostras deses intentos de achegarse ós lectores máis novos que están a levar a cabo certos autores nos últimos tempos. Un labor altamente necesario por canto, de non cubrirmos este oco no ámbito da literatura infantil e xuvenil, corremos o risco de deixar sen establecer un elo fundamental entre o neno que comeza a ler - xeralmente en prosa- e o xénero que máis desenvolvemento ten acadado nas nosas letras. É preciso, polo tanto, fornecelos de canles que os acheguen á máxima expresión da musicalidade e o ritmo das palabras así como de establecer pontes entre a súa imaxinación desbordada e o xénero literario que se caracteriza pola liberdade á hora de crear. E máis aínda se estas son palabras de pan, versos de lúa que os fagan soñar.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 70, marzo 2003, p. 78